

LINGUA GALEGA

Texto:

Andan algúns ilusos falando da galegidade dun banco, porque leva nome galego e ten dirixentes e accionistas galegos. É unha liorta coma a do patrimonio dos ricos, que se pagan ou non, como se non estivese claro que só os incautos van pagalo, porque os demais teñen instrumentos abondo para descartarse.

Os cartos non teñen color, ónlle hai tempo a un sabio con pés na terra. Non se refería só a ocultalos á facenda pública, senón tamén á súa orixe e destino. Non só non teñen color. Tampouco teñen patria, insistíame cando aínda se falaba decote da evasión dos capitais. Agora non foxen, simplemente deslocalízanse.

Non deixa de ser curioso que unha das primeiras medidas da Europa dos mercados fora a liberdade de circulación de capitais. E dentro desa unión só de nome perviven Xibraltar, a illa de Man, Liechtenstein, que reforzan unha autónoma Suíza, onde non só hai fortunas de ditadores africanos senón de banqueiros españois.

Dito isto, loxicamente hai que desexarlle todos os éxitos posibles ao novo banco. Tamén polo seu nome e dirixentes e accionistas da terra. Pero sen ilusións extrabancarias.

(X. M. Rivas Troitiño, *Galicia Hoxe*, 16.09.2011)

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras no texto: *ilusos*, *liorta*, *decote*, *deslocalízanse*, *extrabancarias* (1 punto).
2. Escriba o tema do texto, e a seguir faga un resumo (2 puntos).
3. Indique que tipo de construción verbal é a expresión *van pagalo* (líña 3, subliñada con puntos) e escriba o significado que ten no texto (1 punto).
4. Indique a que verbo pertence a forma *foxen* (líña 8), e logo escriba o presente de indicativo e o presente de subxuntivo deste verbo. A seguir escriba outros 5 verbos que sigan este mesmo modelo de conxugación (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).